



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo. Sección de Patrimonio - Expropiacións

Convocatoria de levantamento das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU- 3 PXOM.

Con data 23 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, entre outros extremos, aprobou definitivamente o expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a adquisición dos bens e dereitos afectados polo Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU- 3 PXOM.

Co obxecto de proceder ao pagamento dos prezos xustos da expropiación requiriuse aos interesados que achegasen documentación. Na notificación solicitouse documentación acreditativa da titularidade (certificación que acredite a inscrición no Rexistro da Propiedade ao seu favor, entre outras), así como certificado bancario.

Con data 20 de novembro de 2023 e 15 de abril de 2024 ditáronse resolucións de corrección de erros por mor de erros aritméticos na valoración.

Resulta de aplicación a Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, e o Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Así mesmo resultan aplicables, a Lei de Expropiación Forzosa, LEF, de 16 de decembro de 1954, e o seu regulamento, decreto de 26 de abril de 1957. A lei de Bases do Réxime Local 7/1985 de 2 de abril, LBRL, a lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o RD 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre a inscrición do Rexistro da Propiedade e o Regulamento hipotecario aprobado por decreto de data 14 de febreiro de 1947.

De acordo co artigo 293.11 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, “o pago ou depósito do importe da valoración establecida xurdirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xustiprezo (artigo 118.11 da LSG)”.

Resulta de aplicación o artigo 50 da LEF, segundo o cal, “cando o propietario rexeitase recibir o prezo ou cando existira calquera litixio ou cuestión entre o interesado e a Administración, consignarase o xustiprezo pola Administración, consignarase pola cantidade que sexa obxecto de discordia na Caixa Xeral de Depósitos, a disposición da autoridade ou Tribunal competente”. O artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa, recolle os supostos nos que procede a consignación.

Pola súa parte, o artigo 53 da mesma LEF, “a acta de ocupación estenderase a continuación do pago”, e o artigo 55 do regulamento.

Con data 14.05.2024, ditouse resolución do Concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, na que se acordou consignar os importes correspondentes aos prezos xustos ofertados pola Administración das parcelas nº 1 á nº 11, e na que se acordou efectuar o pago da parcela nº 12.

Polo exposto, proponse:

Primeiro.- Convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados das parcelas que se indican a continuación para proceder ao levantamento das actas de ocupación. Ao acto deberán asistir os expropiados persoalmente, (no caso de copropiedade, todos os copropietarios e, no caso de tratarse dun ben de carácter ganancial, ambos membros do matrimonio), ou ben representados por persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os seguintes documentos: Documento Nacional de Identidade do expropiado, no caso de comparecencia a través de representante legal, poder suficiente, notarial ou consular.

Segundo.- Citar aos interesados que se relacionan a continuación o vindeiro **19 de xuño de 2024**, no seguinte horario, na Capilla de Urbanismo, sita no segundo andar do Pazo de Raxoi, Praza de Obradoiro s/n.

Núm Finca	Referencia Catastral	Nº finca rexistral (sección nº 2)	Finca conc. parcelaria	Titular rexistral	Horario
1	15079A50501191	53.333	1191	CRUZ DEL RIO JUANA MARIA (100% usufruto) / FERRO CRUZ HENRIQUE (100% nuda prop.)	10:30 horas
2	15079A50501192	44.778	1192	BLANCO GARCIA PLACIDO, PARIS NOYA MARÍA ESTRELLA (40%) / BLANCO PARIS PLACIDO MANUEL (20%) / BLANCO PARIS MARIA BELEN (20%) / BLANCO PARIS MARIA ALBA (20%)	10:30 horas
3	15079A50501193	18.890	1193	GARCIA CHENEL DOLORES	10:30 horas
4	15079A50501816	18.953	1194-B	OTERO SUAREZ MIGUEL	10:30 horas
5	15079A50501194	18.951	1194-A	COUSELO OTERO ANTONIO	10:30 horas
6	15079A50501197	18.894	1197	MARTINEZ OTERO EDELMIRO	11:00 horas
7	15079A50501814	9.884	1196-B	BOTANA OTERO MANUELA E MARTINEZ OTERO EDELMIRO (47,461929%) / BOTANA OTERO MANUELA (52,538071%)	11: 00 horas
8	15079A50501813	9.885	1196-C	LOPEZ OTERO MARIA CARMEN E BOTANA OTERO FLORENCIO (47,461929%) / BOTANA OTERO FLORENCIO (52,538071%)	11: 00 horas
9	15079A50501812	9.886	1196-D	BOTANA OTERO JOSÉ	11: 00 horas
10	15079A50501811	9.887	1196-E	BARREIRO VILARIÑO MANUEL E BOTANA LOPEZ MARIA JESUSA	11: 00 horas
11	15079A50501196	9.888	1196-F	BOTANA OTERO EMILIO	11: 00 horas
12	15079A50501805	9.073	1378-B	CARBALLEIRA POMBO PILAR (33,33%) / SÁNCHEZ CASTILLEJO MARÍA DOLORES (33,33%) / CARBALLEIRA POMBO ANTONIO (33,33%)	11: 00 horas

Terceiro.- Remitir o presente anuncio para a súa publicación no BOP e na web municipal.

Cuarto.- Remitir a citación aos titulares de bens e dereitos afectados, e demais interesados no procedemento, coa indicación de que se trata dun acto de trámite non susceptible de recurso.

A tenor do artigo 44 da lei 39/2015 servirá de notificación por edictos aos interesados que non puideran ser notificados aos descoñecidos, así coma ao que se descoñeza a súa dirección.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

O concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

(PD. DEC/2023/8135 do 17 de xuño de 2023)

Asdo: Iago Lestegás Tizón

2024/3617